





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



En relación co escrito núm. 21796, con rexistro de entrada no Parlamento de Galicia do 26.12.2017, doulle traslado da contestación formulada pola secretaria da *Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito Civil de Galicia* relativo á solicitude presentada perante a Mesa do Parlamento de Galicia polos Grupos Parlamentarios Popular de Galicia e Socialistas de Galicia.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia





**AO PARLAMENTO DE GALICIA**

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

S/Ref.: N<sup>o</sup> Rexistro 21796

Recibida a solicitude presentada perante á Mesa do Parlamento de Galicia polos Grupos Parlamentarios Popular e Socialista (número de rexistro 21796) para que  ***pola Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito civil galego se informe sobre o posible encaixe dentro das competencias autonómicas en materia de dereito civil especial*** da Proposición de lei de iniciativa legislativa popular en tramitación sobre corresponsabilidade parental e relacións familiares no cese da convivencia (BOPG, número 4, do 31.10.2016), participámoslle que, co fin de convocar ao plenario do dito órgano consultivo coa finalidade solicitada, procedeuse a requirir das institucións representadas na Comisión a designación dos correspondentes vogais, dado que expirara o mandado dos anteriormente nomeados (artigo 7.2 do Decreto 107/1999, do 8 de abril).

Unha vez recibidas as novas designacións convocarase o pleno da Comisión Superior para designar ao/s relator/es e realizar o ditame solicitado. Feito e aprobado polo plenario o informe ou ditame consonte ao Regulamento de funcionamento do órgano, será remitido previsiblemente sobre finais do vindeiro mes de marzo.

Coa miña consideración, reciban un cordial saúdo.



Adelina Vega Hernández

Secretaría da Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito Civil

Galicia.